

Este **domingo 28 de outubro**, ADEGA organiza a **II FEIRA DE PRODUTOS NATURAIS E ARTESÁNS** na Eira da Xoana (Ramil, Agolada). Poderemos pasar unha agradable xornada mercando, desfrutando da contorna e mesmo quedar a
xantar
, xa que ADEGA porá callos, polbo, viño, auga e café a prezos populares. Tamén disporemos de empanadas, queixos, doces e moitos mais
produtos
a escoller entre a ampla oferta de apicultor@s, gandeir@s, labreg@s e artesáns que acoderán á feira. Durante todo o día haberá
obradoiros
e demostracións de cestería e olería. Para os mais cativos disporemos dunha zona especial, na que descubrirán diferentes
xogos
do mundo ademais dos xogos tradicionais. Tamén poderán aprender a elaborar candeas cun dos produtos das abellas, a cera. As actividades darán comezo ás 11.00 horas e rematarán as 18:00 e desta volta, semella que a climatoloxía será favorábel e desfrutaremos dunha xornada soleada e agradábel. Onde está a Eira da Xoana e como chegar? Clica nesta ligazón de Google Maps

Nesta II Feira imos saborear pola mañá un dos
produtos estrela do outono
, as colleitas de mel dos nosos montes e serras galegas (Serra do Careón, Serra do Suído, Serra do Xurés, Monte Pindo...) e por suposto o mel da Eira da Xoana. Logo falaremos nunha charla-coloquio sobre a alimentación saudábel co ponente Xan Pouliquen, de Xestion Agrogandeira e Natuireza S.L.

Xa achegándonos ao xantar, os máis festeir@s poderán desfrutar de boa
música
a cargo dos grupos “Herba Grileira” e “Bico da Balouta”, e algunha que outra sorpresa o longo da xornada.

Pola tarde haberá unha
mesa redonda
na cal se falará do produto escollido este ano, o mel.Contaremos coa participación de AGA (Asociación Galega de Apicultura) e Abella Lupa SAT, que nos mostarán os diversos produtos apícolas e o papel fundamental que desempeñan as abellas na conservación da Biodiversidade.

Dentro de todas estas actividades, tamén faremos un
sorteo
de varias cestas de produtos da feira onde se premiará as persoas que lle fagan unha merca responsábel aos nosos produtores e produtoras.

En total, na feira haberá máis de
45 postos
entre agricultura, gandería , apicultura, artesanía (pedra, coiro, barro, palla, madeira.), ademais de entidades de comercio xusto e ecoloxistas, que nos surtirán co melloríño dos seus produtos, a maioría deles en ecolóxico.

Para
máis info:

- Marcial Barral (638 475 322)

- Pepe Salvadores (659 683 384)

RELACION DE PRODUTORES/AS

Melepunto	**Mel**
AGA	**Mel**
Abella Lupa	**Mel**
Mel do Careón	**Mel**
AGRO	
Raínha Lupa	**Hortalizas, cereais e tubérculos, pan e aromáticas**
Millo e Landras	**Galiña de Mos, Polos, Porco Celta, Horta, Queixos**
A horta de Dolores	**Rosquillas, millo corvo, fabas, acelgas, cebolas, etc…**

Miguel e Mariajo	Patacas da Limia e verduras ecolóxicas
O Bandullo ecoloxico (A Pontenova)	Hortalizas
O Bandullo ecoloxico (Riotorto)	Hortalizas
Granxa escola de Barreiros	Horta e divulgación
Xulio-Cereais	Cereais ecolóxicos
Orgánicos pra ben	Horticultura ecolóxica
Ecoadellao	Hortalizas
Un cento	Horticultura
Espazo agroecolóxico	Horta e divulgación
GANDERÍA	
Queixos Gabino	Queixo San Simón
Comocabras	Queixo e derivados lácteos de cabra
Arqueixal	Queixo,leite e iogures
A flor de Mácara	Queixo
Serra do castro	Embutidos, elaborados cárnicos
O Alle	Leite crú
PLANTAS MEDICINAIS E COSMETICA	
Sanakura	Cosmética natural
Milulloa	Plantas aromáticas e mediciñais
Carmiña	Cosmética natural
PANADERIA/REPOSTERIA	
Pan de Carteire	Empanadas, pan
Susana	Chocolate e doces
Reposteiría Eco	Doces
Luz Negueira	Pan / zumes
BEBIDAS	
Fruga	Viño
Jesús	Sidra natural
Tanquián - Tuta fruta	Marmeladas, zumes e conservas ecolóxicas
Menduíña	Cervexa artesá
ARTESANÍA	
Oscar	Cestería
Alfarería Agustin	Alfarería
Tania Looning	Artesáns coiro
Carme Recimil	Sombreiros de palla
Arte en pedra	Coiro e pedra
Arte sinxelo	xoias - coiro - cristal
A casa dos xogos	Xogos do mundo
Lan a man	Cousas de lá
Inma	Madeira
Louzao de Pambre	Exposición maquinas de coser
Adriana de Oleiros	Obxectos
COMERCIO XUSTO	
Equisol	Produtos ecoloxicos e comercio xusto
Panxea	Produtos ecoloxicos e comercio xusto

Amarante	**Produtos ecoloxicos e comercio xusto**
ENTIDADES	
ADEGA	**Asociación ecoloxista**
Plataforma antiincineración	**ILP dos residuos**